

XUÑO 2019

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Xuño 2019

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18
VIAXEIROS	11.344.295	4,6%	459.911	7,9%
NOITES	37.102.583	2,6%	866.936	6,6%
ESTADÍA MEDIA	3,27	-1,9%	1,89	-1,2%
% OCUPACIÓN	65,81%	1,08	42,18%	1,79
% OCUPACIÓN Fds	72,42%	1,90	49,39%	2,49

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de xuño rexístrase un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, sobe a cifra de viaxeiros aloxados un 7,9% e o volume de noites un 6,6% en relación ao mes de xuño de 2018.
- Increméntase a demanda neste ano en contraposición ao descenso observado no pasado 2018 –do 6,4%- mais da continuidade á tendencia positiva que se viña rexistrando desde o 2014, con subas consecutivas de diversa intensidade. Son, por tanto, cinco anos case consecutivos de mellora da demanda hoteleira en Galicia no mes de xuño, circunstancia que coloca o nivel deste ano en 867 mil noites –a segunda cifra máis elevada da serie histórica, cun valor moi preto ao rexistrado en 2017-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é parella, con crecementos case consecutivos desde o ano 2013 –só puntualmente amortiguados pola caída rexistrada no pasado ano 2018- que sitúan os niveis deste ano en preto de 460 mil viaxeiros –dato que tamén neste caso se sitúa como o segundo máis elevado da serie, só por detrás do valor rexistrado en xuño de 2017-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de preto de 34 mil viaxeiros aloxados e de case 54 mil noites en relación ao mes de xuño de 2018.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento semellante. No conxunto de España rexístrase igualmente un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 4,6%- así como do volume de noites –do 2,6% neste caso-.
- Este crecemento vén como consecuencia do comportamento positivo observado na maior parte das comunidades autónomas. En particular, sobe o nivel de demanda en todas elas agás en tres – A Ríoxa, Canarias e Baleares, que presentan caídas de baixa intensidade, do contorno do 1% en todas elas-. Dúas delas son curiosamente os destinos insulares que habitualmente rexistran os maiores niveis de demanda no conxunto do Estado.
- Navarra é o destino que neste mes presenta o incremento de maior intensidade. Lidera, por tanto, o comportamento positivo da demanda a nivel estatal cunha suba global do 12,9% no volume de noites hoteleiras. Sitúase por diante das restantes comunidades entre as que destacan, nun segundo grupo, Castela e León e Aragón –destinos que presentan un crecemento global por encima do 9% interanual-.

- No lado contraio o destino que presenta o incremento de menor intensidade é Estremadura – cunha suba do 1% en comparación co pasado ano-.
- Neste ranking Galicia sitúase nunha posición relativamente alta, xustamente por detrás das comunidades máis dinámicas citadas anteriormente, cunha suba do 6,6% que se asemella ao rexistrado en destinos como Asturias ou Cataluña –comunidades que tamén crecen por encima do 6% interanual-.
- En termos de viaxeiros aloxados a situación é diferente. Neste caso lidera o ranking a nivel estatal Castela e León –cunha suba do 10,4%- xunto con Murcia –que rexistra neste caso un incremento do 10,2%-.
- Todas as comunidades se sitúan en termos positivos, mellorando con diversa intensidade as cifras do pasado ano. Baleares e Estremadura son os destinos de crecemento máis moderado –que fala máis ben de certa estabilidade-.
- Consólidase neste mes de xuño a serie de crecementos consecutivos da demanda que se viñan rexistrando desde novembro de 2018 –coa excepción da caída rexistrada en marzo-. Son, por tanto, sete meses case consecutivos de comportamento positivo que xeran crecemento global na temporada baixa e media.
- Baleares –con máis de 9,2 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de xuño –absorbendo o 24,9% do total estatal-. Acontece isto por segunda vez neste ano –tamén en maio- e logo de que nos anteriores sete meses se situase en posicións inferiores e fose Canarias o destino de maior volume e peso –no primeiro trimestre supoñía o 30% do total-. Cambia, por tanto, a dinámica turística no conxunto do Estado nesta temporada media en relación ao observado na temporada baixa.
- Logo de Baleares, seguen en orde de importancia neste mes Cataluña –con preto de 6,8 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con case 5,8 millóns-, Canarias –con pouco máis de 5,4 millóns- e con certa distancia a C. Valenciana –con 3,0 millóns- e Madrid –con máis de 2,3 millóns de noites neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto a case o 88% do total da demanda hoteleira de España. O 12% restante repártese no resto do territorio.
- Galicia ocupa neste mes a sétima posición –por detrás das seis anteriores- representando o 2,3% do total estatal. Acontece isto por vez primeira neste ano pois ata o mes de maio situábase por tamén por detrás de Castela e León, e mesmo doutros destinos a principios de ano. Mellora, por tanto, a posición da nosa comunidade no contexto estatal a medida que se achega a temporada alta.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento algo dispar dos tres grandes segmentos, con variacións ademais de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- descende levemente neste mes de xuño –un 2,7% en particular- como consecuencia dunha caída parella da cifra de viaxeiros residentes –do 2,3% neste caso-. É o segundo ano consecutivo no que descendan os niveis do turismo interno en Galicia no mes de xuño, rompendo desta maneira cun tendencia positiva que se viña rexistrando nos anos anteriores, concretamente de 2014 a 2017. Con isto o turismo interno rexistra algo máis de 191 mil noites neste sexto mes do ano –a terceira cifra máis elevada da década-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta un comportamento positivo, con incrementos tanto da cifra de

viaxeiros españois –do 5,7%- coma do volume de noites –co 3,7% neste caso-. Contrasta este crecemento coa caída rexistrada no pasado ano 2018 mais da continuidade á tendencia positiva de anos anteriores, concretamente desde 2014 ata 2017. Con isto o mercado receptor nacional acadada en xuño 395 mil noites –a segunda cifra máis elevada da década-.

- O turismo internacional participa igualmente da dinámica positiva anterior mais con notable intensidade. Rexistra neste mes un incremento global tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 18,2%- coma do volume de noites –do 19,1% neste caso-. Contrasta este incremento coa caída rexistrada no pasado ano 2018 mais da continuidade á tendencia positiva do período 2013-17. Son, por tanto, seis anos de crecemento –nos últimos sete- que sitúan os niveis finais deste 2019 en 280 mil noites –a cifra máis elevada da serie histórica-.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 32,4% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada media que neste ano mellora en máis de tres puntos a porcentaxe rexistrada en xuño de 2018 –cando representaba o 29,0% do total-. Neste sentido, o forte crecemento do mercado estranxeiro neste mes sitúa o seu peso en máximos históricos do mes de xuño.
- O segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional –supón o 45,6% do total da demanda hoteleira-. O turismo interno sitúase no 22,1% do total neste caso.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo da demanda hoteleira. En particular, sobe o volume de noites en tres provincias galegas con diversa intensidade –nun 8,2% en A Coruña, nun 11,0% en Lugo e nun 4,9% en Pontevedra- mais descende, como excepción puntual á dinámica anterior, en Ourense –un 0,9% neste caso-. A caída é suave e vén provocada por un empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 4,5%.
- Con algo máis de 357 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 41,2% do total-. Seguen en orde de importancia Pontevedra –co 38,6%-, Lugo –co 13,8%- e Ourense –co 6,5% neste caso-. Con esta distribución obsérvase que o 80% da demanda localízase nas provincias do arco atlántico –porcentaxe algo máis elevada á rexistrada nos pasados meses deste 2019-.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia descende levemente neste mes de xuño –un 1,2%-, situándose en 1,9 noites de media. Cae a estadía media logo de experimentar crecementos nos dous últimos anos. Aínda con isto o valor deste mes é o segundo máis elevado dos últimos sete anos.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media-baixa no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,7 noites de media, mentres que Castela A Mancha e Castela e León rexistran a cifra máis baixa, inferior a 1,7 noites neste caso.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de leve mellora da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe con menor intensidade, un 2,0%-, circunstancia que leva en consecuencia a unha mellora do nivel de ocupación –sobe en case dous puntos porcentuais para situarse no 42,2% de media para este mes-. Contrasta esta mellora coa caídas rexistrada no pasado ano mais vai na liña dos crecementos rexistrados no período 2013-17. Esta tendencia sitúa o nivel de ocupación de xuño deste ano en máximo histórico.

- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a terceira cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –só por diante de Estremadura e Castela A Mancha-. Baleares é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 81,8% en xuño. Seguen Canarias –cun 72,8%- e a C. Valenciana –cun 67,7% de media neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 65,8%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación mellora na maior parte das comunidades autónomas –trece en total-, con diversa intensidade. Lidera o crecemento Castela e León, cunha suba de catro puntos porcentuais, por diante de Aragón e Navarra –en segunda posición cun incremento neste caso parello, de case catro puntos-.
- Dúas delas mantéñense relativamente estables neste mes –Cantabria e A Rioxa- mentres que outras dúas presentan caídas do nivel de ocupación –Canarias e Baleares-, en liña co observado neste caso para a demanda. Esta última circunstancia aconteceu tamén no anterior mes de maio.
- As tarifas hoteleiras en Galicia increméntanse neste sexto mes do ano –un 3,7% en particular- situándose en 58,3 euros de media –cifra que se coloca nunha posición intermedia en relación ás restantes comunidades autónomas-. Madrid é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de xuño con 110,7 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Baleares –con 105,6 euros-, Cataluña –con 102,5 euros- e o País Vasco –con 100,0 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 93,05 euros de media.
- Por segunda vez neste ano, e de forma consecutiva, Canarias non lidera o ranking de tarifas hoteleiras no conxunto do Estado. Si acontecía de xaneiro a abril.
- Os prezos hoteleiros melloran en boa parte das comunidades autónomas –trece en particular- sendo Madrid o destino que rexistra o incremento de maior intensidade –do 25,7%- . Cataluña e Aragón sitúanse a continuación pero con subas máis moderadas, do 6,3% neste caso. Mantéñense estables na C. Valenciana e descenden en tres destinos concretos –Canarias, Castela e León e Asturias, esta última coa caída máis notoria, do 3,9%-.
- É o quinto ano consecutivo no que melloran as tarifas hoteleiras en Galicia no mes de xuño, acadando neste 2019 a cifra máis elevada da década con 58,3 euros.
- A mellora dos niveis de ocupación neste mes de xuño –froito dun crecemento da demanda-, prodúcese, por tanto, nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras. Isto leva a que neste mes os establecementos hoteleiros de Galicia melloren igualmente os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2018 –o RevPAR sobe un 9,3% ata situarse en 27,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a cuarta máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Madrid –con 91,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de xuño. Sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destacan Baleares –con 91,2 euros- e Cataluña –con 78,3 euros-. Castela A Mancha marca no lado contrario o nivel de rendibilidade máis baixo con 23,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo a nivel das comunidades, mellorando o nivel de rendibilidade en todas elas agás en Asturias e Canarias. Madrid rexistra o crecemento máis notorio e destacado, do 32,9%, a distancia en intensidade dos



restantes destinos estatais –entre os que destacan Aragón, Cataluña e Estremadura, con subas por encima do 10% interanual-.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Xuño 2011-19




Fig. 2. Peso dos mercados turísticos. Xuño 2019




Fig. 3. Variación da demanda segundo a procedencia. Xuño 2019




Fig. 4. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Xuño 2019




Fig. 5. Evolución da estadia media. Xuño 2011-19




Fig. 6. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Xuño 2011-19




Fig. 7. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Xuño 2011-19

